



"HISTORIAS VIVIDAS...
E CONTADAS POLAS SÚAS PROTAGONISTAS"

Entrevistas a catro mulleres que fixeron historia na cidade de Vigo

<p>Martes, 2 de abril ás 19:00 horas</p> <p>Entrevista a...</p> <p>AURITA GONZÁLEZ</p> <p>realizada por: Mónica Bar</p>	<p>Aurita González (Sarria, 1937) representa o traballo do movemento de mulleres en Vigo e o compromiso solidario con todos os movementos sociais da cidade, xa que colaborou coa <i>Asociación Madres en Acción</i>, coa <i>Plataforma en Defensa da Sanidade Pública</i> e coa <i>Plataforma de Nais contra a droga</i>. Tamén participou co Colectivo <i>El Imán</i> en campañas de axuda a enfermos/as de SIDA. Forma parte do Consello Municipal da Muller e da <i>Asociación de mulleres Dorna</i> da que é presidenta. Destaca tamén a súa loita por conseguir, dende o ano 1977, que as mulleres do barrio de Coia en Vigo poideran desenvolver a súa vida fóra do ámbito doméstico.</p>
<p>Martes, 16 de abril ás 19:00 horas</p> <p>Entrevista a...</p> <p>MARY QUINTERO</p> <p>realizada por: María Quintero</p>	<p>Mary Quintero (Melide) foi durante décadas a única muller xa non en Galicia, senón en todo o país, adicada profesionalmente á fotografía. En outubro do 2004, a artista cumpriu medio século de asentamento na cidade na que creceu o seu prestixio desde que aos 21 anos decidira deixar o seu pobo natal. Varias xeracións posaron para ela no seu estudio da rúa Urzáiz, desde cuxo recibidor nos observan, enmarcadas, coñecidas personaxes: políticos/as, actores e actrices, pintores/as...</p>

Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo

Biblioteca Pública Central

R/ Joaquín Yáñez 6, 2º andar - 36202 Vigo

986 22 90 74

centro.documentacion.feminista@vigo.org



"HISTORIAS VIVIDAS...
E CONTADAS POLAS SÚAS PROTAGONISTAS"

Entrevistas a catro mulleres que fixeron historia na cidade de Vigo

<p>Martes, 14 de maio ás 19:00 horas</p> <p>Entrevista a...</p> <p>CARMEN SEGURANA</p> <p>realizada por: Mª Xosé Porteiro</p>	<p>Carmen Segurana (Valencia, 1935) naceu no medio da guerra civil española. Unha irmá máis vella, militante de Mulleres Antifascistas e do PC, houbo de fuxir tras a guerra. Un irmán, aviador da República, foi enviado a un campo de concentración en Arxelia. Unha cuarta irmá e os seus pais morreron ao pouco de rematar a guerra. Carmen, cunha irmá xemelga, foron acollidas en Madrid por outra familia comunista amiga. Chegou a Vigo en 1969, xa como militante do Movemento Democrático de Mulleres. Entrou a traballar en Censa coa misión de organizar nesta importante empresa o MDM. No ámbito sindical, tocoulle crear conciencia e defender os sectores máis marxinais do mundo do traballo.</p>
<p>Martes, 28 de maio ás 19:00 horas</p> <p>Entrevista a...</p> <p>ANTÍA CAL</p> <p>realizada por: Mª José del Río</p>	<p>Antía Cal (A Habana, 1923) naceu nunha familia de emigrantes orixinaria de Muras (Lugo). Aos nove anos voltou a Galicia, estudou bacharelato, fíxose mestra e licenciouse en Xeografía e Historia no ano 1945. Casada con Antón Beiras García, galeguista de esquerdas e oftalmólogo, co apoio do seu home e da súa familia fundou en 1961 o Colexio Rosalía de Castro de Vigo. O "Rosalía" foi, en Galicia, un foco de irradiación progresista das novas tendencias pedagóxicas, baixo a inspiración do colectivo catalán Rosa Sensat.</p>



www.igualdadevigo.org